

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros D^a. Licia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 19/03/2024

Hora: 15:30 horas a 1.ª convocatoria e, se procedese, ás 16:30 horas a 2ª.

Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 05/03/2024. Acta 04/2024.

2.-Xestión Económica.

2.1. Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 17/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 132.590,34 euros (EXP. 2024/G006/000019).

2.2.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 18/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 4.600,89 euros (EXP. 2024/G006/000020).

2.3.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 20/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 1.294,87euros (EXP. 2024/G006/000021).

2.4.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 21/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 1.882,94 euros (EXP 2024/G006/000022).

2.5.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 22/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 1.635,19 euros (EXP. 2024/G006/000023).

2.6.-Aprobar se procede a autorización, disposición e recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 23/2024, preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 8.883,52 euros (EXP. 2024/G006/000024).

2.7.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 24/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 5.219,73 euros (EXP. 2024/G006/000025).

2.8.-Aprobar se procede o recoñecemento das obrigas derivadas da relación de facturas 19/2024 preparadas polo departamento de Intervención por importe total de 57.070,78 euros (EXP.2024/G006/000026).

2.9.-Aprobar se procede a certificación nº 2 do contrato de “MELLORA DE REDE VIARIA NOS LUGARES DE A BAIUCA (SENRA)-REQUEIXO (CARDAMA) E CASTRO – BURGÃO – PIÑEIRO (TRASMONTE) e o correspondente recoñecemento de obriga (EXP. 2023/C003/000004).

3.Xestión Urbanística.

3.1.-EXP.URB. 10/2024. (TEDEC 2024/U026/000007) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por D. Oscar Noya Gómez para obras de conservación en vivenda existente na Rúa Rosalía de Castro, nº. 3, 2º A. Localidade de Sigüeiro.

3.2.-EXP.URB 11/2024 (TEDEC 2024/U026/000011) Dación de conta da comunicación previa de obras presentada por Dª. Ana María Pombo Tarrío para obras de conservación en cociña e baños de vivenda existente na Rúa Camiño Real, nº. 5, 4º E. Localidade de Sigüeiro.

II PARTE DE CONTROL

4 Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado “portal dos cargos electos” (<https://sede.orosogal/opencms/es>).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.



En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.

Federico Suárez Cancelo.